

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE ARZÚA

CURSO: 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

**MATERIAS: MATEMÁTICAS, LINGUA CASTELÁ, LINGUA GALEGA,
CIENCIAS DA NATUREZA, CIENCIAS SOCIAIS, VALORES SOCIAIS E
CÍVICOS e PLÁSTICA**

TITORA: Rosa M^a Cajade Rodríguez

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. CONTEXTUALIZACIÓN

2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

- 2.1. Matemáticas
- 2.2. Lingua Castelá
- 2.3. Lingua Galega
- 2.4. Ciencias da Natureza
- 2.5. Ciencias Sociais
- 2.6. Valores sociais e cívicos
- 2.7. Plástica (dentro de educación artística)

3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

4. METODOLOXÍA, ACTIVIDADES E RECURSOS DO 3º TRIMESTRE

5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

1. CONTEXTUALIZACIÓN

O grupo do 2º nivel está formado por 23 alumnas e alumnos que dispoñen de conexión a internet, a través do móbil ou dun ordenador, pero adaptándose aos horarios de traballo dos adultos para o seu uso. Teñen moitos problemas de cobertura e moitas incidencias á hora de conectarse.

Partimos de situacións moi dispares, por un lado ser mestura de alumnado do núcleo urbano e aldeas do municipio e por outro as condicións familiares por este estado de alarma, pero aínda así é un grupo que responde moi positivamente dende o primeiro momento do confinamento, implicándose e facendo verdadeiros sacrificios para adaptarse a esta nova situación e colaborar neste proceso de ensino e aprendizaxe tan diferente e raro.

A isto hai que sumarlle factores socio-económicos, emocionais o circunstanciais que poden afectar ao rendemento do noso alumnado e que é preciso ter en conta no momento de avaliar, sempre dende una perspetiva conxunta e coordinada coa titor/a e o resto do equipo docente.

Tamén cabe mencionar as distintas fases de información que se lle están trasladando ás familias dende o momento en que se decreta o estado de alarma, o carácter voluntario das tarefas e non afogar e estresar ás familias, que son as que verdadeiramente sufriron de cheo este confinamento: desempeñan os tres papeis da comunidade educativa: pais/nais, mestre/mestra e compañeiro/a.

O seguemento e avaliación do alumnado especialmente nos cursos inferiores, céntrase en grande medida na observación directa de competencias, actitudes e habilidades lingüísticas, sociais... Dadas as circunstancias actuais na que é imposible facer un seguimento fiable e en base a isto é imposible desglosar unha serie de estándares e criterios nos que se podan deitar unas bases medianamente sólidas para levar a cabo unha avaliación.

2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

2.1. MATEMÁTICAS

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para MATEMÁTICAS		
Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
B1.1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución.	MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CCL
B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999. MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CCL ▪ CAA
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos da vida cotiá números naturais ata o 999. MTB2.2.3. Descompón números naturais, interpretando o valor de posición. MTB2.2.4. Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CCL ▪ CAA
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados. MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA
B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel.	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA
B3.1. Coñecer e utilizar o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.	B3.1. Coñecer e utilizar o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
B3.2. Coñecer e utilizar o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.	MTB3.2.1. Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT

B3.3. Coñecer e utilizar o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade.	MTB3.3.1. Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
B3.4. Coñece as unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	MTB3.4.1. Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto e medias)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
B4.2. Nomear un polígono segundo o seu número de lados.	MTB4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA
B4.3. Discriminar prismas, pirámides, conos, cilindros e esferas.	MTB4.3.1. Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA
B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas... comunicando a información.	MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA
	MTB5.1.2. Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA

2.2. LINGUA CASTELÁ

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para LINGUA CASTELA		
Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra.	LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias. LCB1.1.2. Aplica as normas socio comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA
B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.	LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
B1.5. Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
B1.9. Producir textos orais breves, imitando modelos a atendendo á forma e a intención comunicativa.	LCB1.9.1. Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos, do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas....	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter infantil.	LCB2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
B3.1. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas (informativos, literarios e prescritivos, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	LCB3.1.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa) e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios... LCB3.1.2. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos etc.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA
B3.4. Elaborar, de xeito guiado, proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área.	LCB3.4.1. Elabora, de forma guiada, gráficas sinxelas sobre experiencias realizadas: plantar fabas, cría de vermes de seda... LCB3.4.2. Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA
B4.1. Aplicar os coñecementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua, (categorías	LCB4.1.1. Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo. LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

gramaticais), para favorecer unha comunicación máis eficaz.	orais e escritos.	
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.1. Utiliza sinónimos e antónimos na expresión oral e escrita. LCB4.2.3. Identifica o suxeito/grupo nominal e predicado nas oracións simples.	▪ CCL
B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.3.1. Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.	▪ CCL
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.1. Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita. LCB4.4.2. Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.	▪ CCL
B5.1. Valorar textos como fonte de lecer e información	LCB5.1.1. Valora de forma global, textos propios da literatura infantil: contos, cancións, poesía, cómics, refráns e adiviñas	▪ CCL ▪ CCEC
B5.5. Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos e poemas.	LCB5.5.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CCEC

2.3. LINGUA GALEGA

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para LINGUA CASTELA

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
B1.1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. LGB1.1.2. Recoñece a función dos medios de comunicación como fonte de información.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
B1.5. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais. LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela. LGB1.5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese, unha actitude receptiva de escoita e respecta as opinións das demais persoas. LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCEC
B1.9. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente. LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial ás referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
B2.3. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso.	LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos. LGB2.7.2. Explica dun xeito moi sinxelo as súas preferencias lectoras	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
B2.4. Coñecer, de forma xeral, o funcionamento da bibliotecas de aula, e de centro como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.	LGB2.4.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora. LGB2.4.2. Coñece, de xeito xeral, o funcionamento da biblioteca de aula e de centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
B2.7. Aposar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias. LGB2.7.2. Explica dun xeito moi sinxelo as súas preferencias lectoras.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CAA

<p>B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou so relacionados coa escola.</p>	<p>LGB3.1.1. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.</p> <p>LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CAA
<p>B3.2. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.</p>	<p>LGB3.2.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic...</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA
<p>B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.</p>	<p>LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.</p> <p>LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.</p> <p>LGB4.1.3. Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.</p> <p>LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<p>B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.</p>	<p>LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
<p>B5.1. Recrear e reescribir diversos textos literarios, usando modelos.</p>	<p>LGB5.1.1. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
<p>B5.3. Recrear e compoñer poemas sinxelos e relatos breves a partir de modelos sinxelos dados.</p>	<p>LGB5.3.1. Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

2.4. CIENCIAS DA NATUREZA

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para CIENCIAS DA NATUREZA		
Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
B1.1. Iniciar na actividade científica por proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE
B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE
B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos. CNB2.1.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais. CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCL
B2.2. Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade.	CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
B2.3. Deseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo.	CNB2.3.1. Identifica os alimentos diarios necesarios aplica o menú semanal de merendas na escola	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
B3.1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno	CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
B4.1. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable	CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola. CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso.	CNB5.2.1. Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso. CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL

2.5. CIENCIAS SOCIAIS

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para CIENCIAS SOCIAIS		
Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe	
B1.1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.	CSB1.1.1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCA ▪ CD ▪ CMCCT
B1.2. Traballar en equipo e adoitando un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.	CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
B1.3. Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo.	CSB1.3.1. Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
B2.1. Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben.	CSB2.1.1. Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC
B2.3. Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema, identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e despertando actitudes de defensa, respecto e recuperación deles.	CSB2.3.1. Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCL
B2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na	CSB2.5.1. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima. CSB2.5.2. Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior. CSB2.5.3. Coñece e leva á práctica accións positivas para a protección do medio natural.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL

conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta.		
B2.7. Identificar algunhas rochas e minerais presentes na contorna e recoñecer algúns usos que as persoas fan deles.	CSB2.7.1. Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
B3.1. Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio.	CSB3.1.1. Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
B3.2. Identificar as funcións e servizos dos seus diversos organismos: bombeiros e bombeiras, policía...	CSB3.2.1. Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
B3.8. Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e peoas e como persoa usuaria de medios de transporte.	CSB3.8.1. Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA
B5.1. Coñecer os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos	<p>CNB5.1.1. Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan.</p> <p>CNB5.1.2. Observa, identifica e describe algúns dos compoñentes das máquinas. CNB5.1.3. Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas e dos aparellos e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA
B5.3. Realizar experiencias sinxelas para coñecer as leis básicas que rexen a transmisión da corrente eléctrica	<p>CNB5.3.1. Identifica os elementos dun circuito eléctrico, constrúe un e explica algúns efectos da electricidade.</p> <p>CNB5.3.2. Observa e identifica as principais características dos imáns e relaciona electricidade e magnetismo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CCL

2.6. VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para VALORES SOCIAIS E CIVICOS		
Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencia
B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a en base ás autopercepcións e autodescrición de calidades	VSCB1.1.1. Recoñece e describe verbalmente os seus estados de ánimo en composicións libres.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
B1.3. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación extrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	VSCB1.3.1. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración. VSCB1.3.2. Realiza, respondendo a preguntas de persoas adultas, unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
B1.5. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	VSCB1.5.1. Participa con interese na resolución de problemas escolares. VSCB1.5.2. Define e formula claramente problemas de convivencia.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CCL
B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	VSCB2.1.1 Expresar con claridade sentimentos e emocións. VSCB2.1.3. Emprega a linguaxe para comunicar afectos e emocións con amabilidade	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CSC
B2.2. Empregar a aserción.	VSCB2.2.1. Emprega a linguaxe positiva.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA
B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos	VSCB3.1.1. Establece relacións de confianza cos iguais e as persoas adultas. VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CSC
B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.	VSCB3.2.1. Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CAA
B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade	VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas da aula. VSCB3.3.3 Participa na elaboración das normas da aula	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL

educativa, empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	VSCB3.3.4. Respecta as normas do centro escolar.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade e usando a linguaxe	<p>VSCB3.4.2. escoita as razón das persoas coas que entra en conflito, compréndelas, na medida das súas posibilidades e exponas oralmente.</p> <p>VSCB3.4.4. Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións, tendo en conta os sentimentos básicos das partes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CSIEE
B3.5. Analizar, en relación coa experiencia de vida persoal, a necesidade de preservar os dereitos á alimentación, á vivenda e ao xogo de todos os nenos e nenas do mundo.	<p>VSCB3.5.2. Explica as consecuencias para os nenos e para as nenas dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade de xogar.</p> <p>VSCB3.5.3. Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CSIEE
B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade entre homes e mulleres.	<p>VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.</p> <p>VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE

2.7. EDUCACIÓN PLÁSTICA

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para EDUCACION PLASTICA		
Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencia
B1.1. Identificar as diferentes materiais e formas de expresión plástica.	EPB1.1.1. Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL
B1.3. Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas.	EPB1.3.1. Realiza debuxos e coloreas con diferentes tonalidades	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc.).	EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
B2.1. Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.	EPB2.1.2. Realiza correctamente mesturas de cores primarias. EPB2.1.3. Clasifica e ordena as cores primarias (maxenta, cian e amarelo) e secundarias (verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízalas con sentido nas súas obras.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
B2.2. Identificar o entorno próximo e o imaxinario, explicándoo con linguaxe plástica adecuada ás súas características.	EPB2.2.1 Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o entorno próximo e o imaxinario EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC
B2.8. Elaborar os traballos individualmente e en grupo.	EP2.8.1. Amona interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A avaliación é un proceso fundamental da práctica educativa, mediante o cal tanto o profesorado coma o alumnado buscan e empregan a información procedente de diversas fontes para chegar a un xuízo de valor, e así orientar e tomar as decisións necesarias sobre o proceso de ensino e aprendizaxe. Seguindo este enfoque, a avaliación considérase como un proceso compartido na reflexión e recolección de variadas evidencias de aprendizaxe, tanto do proceso como dos produtos, e que ademais guía ao alumnado co obxecto de facerse máis responsable e autónomo en calquera decisión da vida.

<p>AVALIACIÓN</p> <p>A avaliación dos procesos de aprendizaxe dos alumnos/as é continua e global tendo en conta o seu progreso no conxunto das áreas.</p>	<p>PROCEDEMENTOS</p>	<ul style="list-style-type: none"> - TAREFAS TELEMÁTICAS. - OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA - VALORACIÓN DOS CONTIDOS E COMPETENCIAS DESENVOLTOS. - ANÁLISE DE PRODUCIÓNS ENTREGADAS DIARIA OU SEMANALMENTE.
	<p>INSTRUMENTOS</p>	<p>Para a valoración destas producións empregarase unha ESCALA DE VALORACIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entrega as tarefas telemáticas: sempre, ás veces, nunca. - Realización dun xeito correcto (dándolle importancia ao proceso, iniciativa, presentación, esforzo e constancia): sempre, ás veces, nunca.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN FINAL	CRITERIOS XERAIS	<p>Seguindo as instruccións do 27 de abril de 2020 e, en concreto, o apartado 6.10 de dito documento para establecer un criterio para a cualificación final do segundo nivel para poñer na avaliación ordinaria e, tendo en conta o carácter continuo e global, diagnóstico e formativo do proceso da avaliación, establezo como criterio xeral poñer</p> <p style="text-align: center;">A NOTA DO SEGUNDO TRIMESTRE</p> <p>para que o alumnado non sexa prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía a distancia do terceiro trimestre.</p> <p>E a cualificación final poderá ser mellorada nun punto como máximo TENDO EN CONTA O NÚMERO E A CALIDADE DAS TAREFAS LEVADAS A CABO DURANTE O PERÍODO DE SUSPENSIÓN DAS CLASES (de repaso, reforzo e/ ou ampliación), tal como se menciona nos apartados 7.2 e 7.3 de ditas instruccións.</p>
	De xeito ESPECÍFICO, para aquel alumnado que precise TAREFAS DE RECUPERACIÓN	<p>Seguindo as instruccións do 27 abril de 2020 e, en concreto o punto 6 de dito documento, prepararanse actividades de recuperación para aquel alumnado que non teña superada a materia nalgunha das avaliacións, 1º e/ou 2º avaliación.</p> <p>E a cualificación final poderá ser mellorada ata un punto como máximo na NOTA obtida nesa materia TENDO EN CONTA A CALIDADE DAS TAREFAS DE RECUPERACIÓN PROPOSTAS.</p>

A **xustificación legislativa** a este apartado vén dada polo establecido no [Decreto 105/2014](#) (currículo de primaria), a [orde do 9 de xuño de 2016](#) que regula a avaliación e a promoción en Primaria na Comunidade Autónoma e Galicia e polas [instruccións do 27 de abril de 2020](#) para o desenvolvemento do terceiro trimestre.

3. METODOLOXÍA, ACTIVIDADES E RECURSOS DO 3º TRIMESTRE

METODOLOXÍA

Nun primeiro momento púxenme en **contacto coas familias** para **identificar e solventar os problemas** que poidan surxir para levar a cabo esta nova maneira de dar clases. Procurei informar ás familias dos recursos dos que dispoñemos para traballar e facer as adaptacións pertinentes para que ningún alumno/a se quede fóra deste proceso. Poido dicir que tanto a **metodoloxía como o horario de atención subxugouse ás necesidades reais das miñas familias.**

A **ferramenta principal** que emprego para a comunicación co noso alumnado é a través da páxina web, nela expoño os contidos e as tarefas semanalmente (mediante presentacións en **genially, canvas, vídeos de youtube, book creator**, documentos en pdf, fichas interactivas, **liveworksheets** ...). Este é punto de partida inicial, pero despois empréganse outras formas xa preestablecidas coas familias para facerlle chegar a información e a distribución semanal das tarefas. Outro medio empregado é o **correo electrónico.**

O alumnado envía as tarefas feitas para a súa corrección e posterior envío, facéndoas chegar por diferentes medios e sen datas de entrega nin a obligatoriedade total das mesmas, sempre adaptándonos ás circunstancias familiares. Todas estas tarefas son recibidas pola mestra no seu **correo electrónico ou por whatsapp**, que posteriormente revisa e envía de novo para que os nenos e nenas poidan corrírse e autoavaliarse. Nestas correccións engádense sempre cadros/comentarios explicativos referentes aos fallos que poidan ter e mensaxes de reforzo positivas para a autoestima e valoración do alumnado.

A maioría destas actividades propostas serán publicadas na páxina web en diferentes entradas na lapela de 1º e 2º nivel, para un feedback entre os dous entes implicados neste proceso polo estado de alarma, así como as conmemoracións propostas no calendario oficial e as que se deciden no equipo de nivel tratar ao longo deste trimestre.

Mantense contacto case diario coas familias para resolución de dúbidas por **chamada telefónica, videochamada por whatsapp , skype** e videoconferencia a través de **cisco webex** (a finalidade de empregar este recurso é a de resolver dúbidas de xeito inmediato e tamén a de manter contacto audiovisual de vez en cando entre o grupo- clase). Total flexibilidade horaria total para a atención de titorías e alumnado. Coa execución de tarefas a distancia, o alumno desenvolve unha capacidade para autorregular a súa propia aprendizaxe, favorecendo así as súas actitudes e valores de responsabilidade, disciplina e compromiso para lograr ser autónomo

Estamos iniciándonos no uso da **aplicación abalar móbil**, á que acceden ás familias.

Por tanto, emprego unha **metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa, participativa, individualizada**, centrándonos no desenvolvemento de tarefas relacionadas con contextos da vida real a través dun **enfoque competencial** e do deseño de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Falo dunha **metodoloxía xenerosa** na súa demanda de cumprimento ou non cumprimento, adaptándome ás circunstancias individuais de cada ente; **aberta e plural** no sentido de que as familias poden traballar as propostas adaptándoas a súa realidade; **variadas** para poder cubrir diferentes intereses e de diferente formato na procura dunha mellor motivación

En diversos contidos trabaremolos coa metodoloxía **FLIPPED CLASSROOM**, que xa empregábamos en tempo de clases presenciais, é moi motivadora.

Baseámonos así nunha **perspectiva construtivista da aprendizaxe**.

Poñemos énfase na **atención á diversidade do alumnado**, estando en permanente comunicación coas familias e adaptando as actividades segundo as súas necesidades. Cada especialista de PT envía o seu traballo mediante a titora, aínda que sinalar que unha delas integra a súa actividade dentro da programación semanal globalizadora.

	<p>Tamén se leva a cabo o programa de enriquecemento curricular segundo o Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades.</p> <p>Debo destacar a importancia na etapa de primaria do xogo como elemento motivador e que permite lograr aprendizaxes significativas. A gamificación é empregada por exemplo en actividades, cuestionarios, retos nos que o alumnado debe poñer en práctica as aprendizaxes aprendidas.</p> <p>Como queda de manifesto, a natureza da materia, as condicións do alumnado, a dispoñibilidade de recursos... condicionan o proceso de ensinanza – aprendizaxe e os métodos empregados.</p> <p>A fundamentación lexislativa a este apartado correspóndese co establecido no <u>Decreto 105/2014</u> que establece o currículo de primaria e a <u>Orde ECD65/2015</u> pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación.</p>
<p>ACTIVIDADES</p>	<p>Como xa dixen anteriormente, basándome nunha metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa, participativa e individualizada, centrámonos no desenvolvemento de tarefas relacionadas con contextos da vida real a través dun enfoque competencial e do deseño de <u>actividades de aprendizaxe integradas ou tarefas</u> que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Propóñense así diversas tarefas nas que teñen que demostrar os seus coñecementos das distintas áreas e poñelos en práctica.</p> <p>- <u>ACTIVIDADES DE REPASO</u>: Durante o período de suspensión de clases propóñense tarefas de repaso dos contidos traballados ata o 13 de marzo nas diferentes materias, sempre buscando un xeito lúdico e dinámico, na que poñan en práctica os seus coñecementos.</p> <p>Pola súa parte, séguese a traballar no proxecto de centro, co equipo de dinamización e equipo de biblioteca con iniciativas plásticas e audiovisuais e outras actividades, así como na celebración das conmemoracións correspondentes a este curso.</p>

- REFORZO: Este tipo de tarefas están planificadas nos casos que teñen dificultades para adquirir as aprendizaxes esenciais (lectoescritura e numeración ata o 999), enviando actividades concretas para este alumnado, dacordo cos especialistas implicados.

- RECUPERACIÓN: Estas actividades están pensadas para que realicen os alumnos/as que a nota do primeiro ou/e segundo trimestre non é aprobado.

Cabe destacar, que se están propoñendo actividades moi diversas: retos semanais, lecturas, mensaxes de ánimo para estes momentos de formas moi variadas, actividades para facer en familia, construcións de horarios e outros materiais necesarios segundo a actividade proposta.

PLANIFICACIÓN DESDE O LUNS 27 DE ABRIL AT A O VENRES 17 DE MAIO

SEMANA DO 27 DE ABRIL AO 3 DE MAIO

TAREFA GLOBALIZADA: OS XOGOS OLÍMPICOS: RETOS
REPASO TEMA DA AUGA E O AIRE DE CN
XOGO DA OCA para repasar contidos globalizados
VISIONADO DE VÍDEOS RELACIONADOS COA TEMÁTICA A REPASAR
PLÁSTICA PRIMAVERAL
DÍA MUNDIAL EN CONTRA DO ACOSO ESCOLAR: NADA SERÁ IGUAL...
LECTURA DIARIA
AULA VIRTUAL DO CENTRO

SEMANA DO 4 AO 11 DE MAIO

VISIONADO GENIALLY DO VERBO
XOGO DOS VERBOS
SEÑALA EL VERBO (traballo para tres semanas, ata o 24 de maio)
QUIZ CN/CS - FICHA EN PDF
TAREFA COMPETENCIAL
FICHA EMAT2
PRÁCTICAS DE UNA MAESTRA
AULA VIRTUAL

A PARTE DA CELEBRACIÓN SORPRESA DO DÍA DA NAI OU FIGURA

FEMININA NA TÚA VIDA

SEMANA DO 11 AO 17 DE MAIO

LC/LG: verbos, suxeito e predicado.
LC/LG: ficha
LETRAS GALEGAS: genially e seminario galán
DÍA DE EUROPA: Ser un equipo está nas nosas mans
FICHAS INTERACTIVAS REPASO
VÍDEO “CIENCIA NA CASA”: Atrévete a convertirte nun afanado científico/a? Procura un experimento científico que che apeteza facer e explícanos que demostra.
LECTURA DIARIA
AULA VIRTUAL

- Pode haber modificacións en función de cómo se desenvolva o traballo previsto, de instrucións da Consellería...etc.
- A planificación restante do terceiro trimestre realizarase dende que se analice o traballo previsto para as próximas semanas para adaptarnos así ao alumnado, sempre tendo en conta que as actividades centraranse nos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave mencionadas no apartado 2.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS	A información sobre a revisión da programación xeral e a resolución de calquera dúbida ou necesidade das familias farase a través dos medios e canles de comunicación que vimos mantendo: web do colexio, Abalar Móbil, Whatsapp, correo electrónico, videoconferencias webex, ou telefonicamente. Informarase ás familias , e por conseguinte ao alumnado, da publicación deste documento na páxina web do centro a través de abalar móbil e/ou outros medios telemáticos.
PUBLICIDADE	Darase publicidade a través da páxina web do CEIP de Arzúa pola Dirección do centro.